

## **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES – FESTA DE ANCORADOS**

### **1. Organización**

O concurso de disfraces está organizado pola Comisión de Festas de San Tomé de Ancorados e a Asociación de Comerciantes da Estrada.

### **2. Participación**

Poderán participar todas as persoas que o desexen, de maneira *individual ou en grupo*.

Para participar será **deberán inscribirse previamente** a través da **ACOE**, polos seguintes medios:

- **WhatsApp:** 607 165 928
- **Correo electrónico:** [info@acoe.es](mailto:info@acoe.es)
- **Redes sociais da ACOE**
- **Local da ACOE** en Rúa Ulla nº 10

As inscricións estarán abertas ata o **29 de outubro**.

Ao realizar a inscrición, cada participante recibirá unha **pulseira ou identificador numerado**, que deberá levar visible durante a festa. Este número servirá para identificar o seu disfraz nas fotografías e durante a votación.

### **3. Xurado**

O xurado estará composto por membros da prensa local, que valorarán os disfraces segundo a súa creatividade, orixinalidade, estética e posta en escena. Cada membro do xurado emitirá o seu voto de forma individual e secreta. A decisión do xurado será inapelable.

### **4. Valoración e fotografías**

O día **1 de novembro**, durante a **Festa de Ancorados**, realizarase unha **foto oficial** de cada participante ou grupo inscrito.

- As fotografías faranse nun **punto de encontro ou “photocal”** habilitado para iso.
- Estas imaxes serán enviadas ao xurado para a súa valoración.

A organización poderá publicar as fotografías nas súas **redes sociais** ou medios asociados para dar visibilidade ao concurso.

## **5. Premios**

Outorgaranse os seguintes premios:

### *Individual:*

- Primeiro: Televisión 32”
- Segundo: Televisión 24 “
- Terceiro: Cena para 2 persoas en Samaná

### *Grupos:*

- Primeiro: Tarxeta regalo de 200 €
- Segundo: Lote de produtos locais
- Terceiro: 10 altavoces

## **6. Entrega de premios**

A entrega de premios realizarase no lugar e na data que a organización estime oportuna. As persoas premiadas serán convocadas para unha foto ou acto simbólico de entrega.

## **7. Aceptación das bases**

A participación no concurso implica a aceptación total das presentes bases, así como a autorización para o uso das fotografías con fins promocionais, informativos ou de comunicación do evento.